

PLAN DE ACOLLIDA

CURSO 2020 – 2021

EEI SAN ROQUE

ÍNDICE

- **Contextualización.**
- **Novas normas de organización e funcionamento do centro..**
- **Actuacións de prevención, hixiene e protección.**
- **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**
- **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

a) Contextualización

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver, en base ás Instrucións citadas e ao Programa de Adaptación o contexto Covid 19 do EEI San Roque, as normas para o inicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro

Seguindo o Plan de Adaptación do centro achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

- Entradas e saídas:

Nas entradas e saídas o alumnado será acompañado e recollido por un só adulto que portará máscara e respectará tanto a sinalización do percorrido como a distancia de seguridade marcadas no chan, estas realizaranse de xeito escalonado usando as distintas portas de acceso ao centro.

Flexibilizarase a saída cunha distancia horaria de 10 minutos entre grupos.

Toda a comunidade educativa debe contribuir ó éxito deste plan co cumprimento estrito dos horarios establecidos e as directrices marcadas.

ENTRADA PRINCIPAL POLA AVD. BENITO GALCERÁN ATA O PORTALÓN DO PATIO USANDO A RAMPIA, (Serán recollidos nese lugar polo profesorado do seu grupo de convivencia que fará as filas. Nos días de choiva as filas faranas na zona cuberta)	ENTRADA POLA RÚA REGO DAS FLORES USANDO AS ESCADAS (Serán recollidos na cancilla de acceso ao patio polo profesorado do seu grupo de convivencia)	ENTRADA PRINCIPAL POLA AVD. BENITO GALCERÁN ATA O PORTALÓN DO PATIO USANDO A RAMPIA, (Serán recollidos nese lugar polo profesorado do seu grupo de convivencia)
Alumnado de 6º acompañado por un só adulto: -en 1º lugar o grupo A -en 2º lugar o grupo B Manterán a distancia de seguridade marcada no chan e o sentido de circulación tamén sinalado.	Alumnado 5º acompañado dun só adulto: -en 1º lugar o grupo A -en 2º lugar o grupo B Manterán a distancia de seguridade e o sentido de circulación, tendo especial coidado tanto ao baixar como ao subir, sendo moi respetuosos coas quendas.	Alumnado de 4º acompañado por un só adulto. Manterán a distancia de seguridade marcada no chan e o sentido de circulación tamén sinalado. O horario a partir de outubro será (setembro en periodo de adaptación daraselle a cada familia):
Entrada: 9 :10 a 9:20 Saída:14:20	Entrada: 9:10 a 9:20 Saída:14:10	Entrada:9:20 a 9:30 Saída: 14:00

--	--	--

Pregamos as familias de 6º de Infantil que entran pola Adv. Benito Galcerán a súa colaboración facilitando a entrada do alumnado transportado.

ENTRADA PRINCIPAL POLA AVD. BENITO GALCERÁN USANDO AS ESCADAS E A PORTA PRINCIPAL	Alumnado transportado Serán recollidos polo equipo directivo para un espazo habilitado na entrada ata a súa incorporación progresiva á fila que lle corresponda e /ou chegada do autobús á saída..
--	--

- **Instrucións xerais:**

As familias non accederán ao recinto escolar. No caso de alumnado con NEAE e/ou NEE, si se considera oportuno, daránselle a súas familias as indicacións concretas de como actuar.

No caso do alumnado de nova incorporación, 4º de Infantil, será permitida a entrada pola porta principal **na primeiras semanas do curso, periodo de adaptación**, nas seguintes quendas de grupo e horario:

SETEMBRO	GRUPO A	GRUPO B
1º SEMANA: 10 e 11	10:30 a 11:30 h	12:00 a 13:00 h
2º SEMANA: 14,15,16.17 e 18	10:30 a 11:30 h	12:00 a 13:00 h
3º SEMANA 21,22,23,14 e 25	COMEZANDO O LUNS 21 ESTE GRUPO NA PRIMEIRA QUENDA (9:30), O MARTES CORRESPONDERIALLE NA SEGUNSA (12.00) E ASÍ SUCESIVAMENTE	9:30 a 11.30 h 12:00 a 13.00 h A-B EN DÍAS ALTENOS
4º SEMANA 28,29, e 30	10:00 a 13:00 OS DOUS GRUPOS XUNTOS	

Asemade, informarse ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

O número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade é a totalidade do equipo

docente segundo o seu horario lectivo, acompañando ao grupo estable de convivencia asinado.

Agrupacións:

Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersonal de 1 metro en aula.

Titorías coas familias:

Faranse a través de vías corporativas e telemáticas co uso da aplicación CISCO WEBEX, JITSI, etc. O uso de chamadas telefónicas, dende o teléfono de centro, o envío de mensaxes a través de correo electrónico das titoras ou o envío de mensaxes por Abalar móbil, tamén son opcións. En casos moi excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais atendendo ás condicións de seguridade e utilizando os espazos habilitados para tal fin. Primarase, sempre que se poida, o uso de espazos abertos como a zona anterior á entrada principal do centro.

Xuntanzas por parte do centro educativo coas familias (Reunións trimestrais e extraordinarias), convocatoria de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares...:

Usaremos o correo electrónico do centro, Abalar móbil e vídeo conferencias. No seu defecto a vía telefónica do centro tamén pode ser canle de solicitude de xuntanzas.

As reunións coas familias de inicio de curso faranse mediante unha presentación e/ou vídeo. As familias poderán facer chegar preguntas e/ou dúbidas mediante correo electrónico, whatsapp ou telefónicamente nos días acordados polas titoras.

Uso de máscara no centro:

As aulas estables a nivel de centro actuarán como "fogar" no que o alumnado poderá sacar a máscara. Nos diferentes espazos do centro o uso da máscara será recomendable (corredores, biblioteca, patios,...) As mestras poderán facer excepcións segundo as necesidades do seu alumnado se así o precisan para favorecer a adaptación e familiarización co uso da máscara (a lei contempla que non é de carácter obrigatorio no alumnado menor de 6 anos).

Normas para a realización de eventos:

Este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro en gran grupo. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica as celebracións como Nadal, Samaín ou Magosto faranse dentro dos grupos estables de convivencia. As saídas didácticas, se se considera oportuno por parte do

equipo docente, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre.

Aforos:

A limitación de aforo para os baños será de un usuario, para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.

No uso diario o aforo da biblioteca será de 8/10 persoas e a sala de mestras de 4.

Recreos:

Faranse tres quendas de recreo, unha por nivel pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada unha das clases.

Crearanse 2 grandes zonas diferenciadas que garantan que cada grupo do nivel pode ter un espazo de recreo no que non se mesturen os grupos estables e se respecte a distancia social:

1. Zona patio superior con circuito.
2. Zona patio inferior con patio cuberto.

As zonas poderán usarse de xeito rotatorio por días. Dentro das mesmas estableceremos xogos de non máis de 4 alumnos seguindo as novas indicacións dos patios dinámicos inclusivos.

Os días de choiva o alumnado permanecerá na súa aula. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas durante todo o recreo.

Merendas:

realizarase de xeito individual en espazos diferenciados e distanciados, usarase a aula contigua onde estarán colocadas as mesas de cada equipo para ter unha maior distancia frontal entre o alumnado. Estarán marcadas cos seus nomes e foto de xeito que cada neno ou nena usará sempre a mesma durante todo o curso. Cando requirían, en algunha ocasión, a axuda do profesorado, neste caso éste empregará luvas.

Será importante respectar as merendas que se propoñan porque dese xeito poderemos prever mellor o tipo de axuda que van requirir os nenos e as nenas. Polo que, dando continuidade ao nos proxecto de Alimentación saúdar, seguiremos estipulando os alimentos que deben traer cada día:

- luns, mércores e venres **froita fresca. Toda virá pelada e cortada en un taper individual (incluíndo si traen plátano).**
- Martes e xoves bocadillo tradicional de embutidos, queixo e/ou xamón.

Poderán acompañalo dun recipiente lavable, reutilizable, indicado para beber, preferentemente de aceiro e que conteña auga ou zume natural.

Compromiso realización autoenquisa clínica:

diariamente tanto por parte do profesorado como o do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). As familias terán a obriga de asinar un documento de conformidade da súa

realización e o compromiso de non mandar ao seu fillo ou filla con síntomas compatible coa Covid ao centro.

Recomendarase as toda a comunidade educativa levar un rexistro dos seus contactos estreitos co fin de facilitar a prevención e expansión do virus.

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Corresponde ao Concello e a empresa concesionaria da limpeza actual do centro, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire. Aínda que no protocolo, trasladado tamén ao Concello tras recibir a petición do mesmo, propoñemos o seguinte:

- Limpadora (mañá):

- Limpeza/desinfección de todos os baños tres/ catro veces ao longo da xornada lectiva.
- Desinfección dos pomos das portas e pasamáns ao longo da xornada lectiva.
- Limpeza das aulas/ mobiliario durante as quendas de recreo. Incluindo algún material de xogo se fose necesario.
- Limpeza/desinfección, de producirse algún percance, algún posible abrocho, etc., do espazo e/ou espazos necesarios.

- Limpador/as (tarde):

- Limpeza e desinfección de todas as aulas e zonas de uso común, corredores, aseos, entradas...
- Desinfección de fiestras, pomos, mobiliario, xogos e papeleras en todas as aulas e espazos.
- Limpeza e desinfección dos despachos, espazo Covid e espazos de uso do profesorado especialista, almacéns.
- Limpeza e desinfección da sala de mestres/as.

Consideramos imprescindible unha limpeza xeral e minuciosa (incluíndo cristais, fiestras, mobles,..) antes do inicio das actividades lectivas. Asemade será necesaria unha limpeza do patio e dos portalóns de entrada.

Creación Equipo Covid

que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid -19 no curso 2020-2021.

Determinación do espazo de illamento COVID:

Situado na zona superior do centro illado das aulas e ben ventilado (encargándose o conserxe de manter ventilado este espazo, tres veces ao longo da mañá, a diario).

Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan nos puntos 4 e 11.

Medidas xerais de protección individual : recollidas no Plan de Adaptación.

Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.

Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación.

Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.

Espazos de uso compartido:

Será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.

O profesorado que recepcione aos nenos e nenas será o encargadas da primeira desinfección de mans da mañá ao entrar no centro con xel hidroalcohólico para facer á chegada á aula máis fluída.

Antes e despois das entradas e saídas da aula tanto para ir o recreo e/ou a outras aulas ou espazos o profesorado desinfectará as máns das nenas e nenos con hidroxel.

Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades do día e tras a merenda, antes e despois de usar o baño, do uso de xoguetes ou materiais en pequeno grupo etc, a para crear hábitos e rutinas de hixiene.

No caso do alumnado con NEE, ten un aseo asignado, nos aseos da planta inferior contiguos á biblioteca.

Podese establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado de 5º e 6º ao rematar a xornada. Eles teñen a suficiente autonomía para realizar esta tarefa baixo a supervisión do profesorado.

Podese realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita ao aire libre, no día que cada grupo de convivencia teña asignado o uso dos espazos comúns.

O profesorado de cada grupo estable, en quendas semanais, pasará polas aulas á chegada ao centro e antes da reunión inicial, para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

d)Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de entornos virtuais para educación infantil que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar a web e blogs, como quedou amosado ao longo do curso 19/20.

Neste vindeiro curso todo o claustro participará a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación.

En calquera caso, o/a coordinador/a do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da web (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, co responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

O obxecto do equipo docente deste centro segue a ser desenvolver unha aprendizaxe que favoreza a educación integral de PERSOAS, unha educación inclusiva e igualitaria en todos os sentidos, en convivencia pacífica e positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que existen entre as persoas que aquí conviven e que ten como base a aprendizaxe manipulativa, construtiva, activa, cooperativa e creativa. Potenciaremos unha educación eficaz e competencial en base á adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, potenciando unha mellor competencia socioemocional, aumentando a autoestima, a empatía, o autocontrol emocional e habilidades comunicativas que lles axuden a unha mellor socialización. Parece imprescindible este curso fomentar en profundidade a competencia socioemocional no noso alumnado continuando o traballo doutros cursos en colaboración coa Fundación Meniños.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións

traballará por grupos dentro do grupo estable para motivalo cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE.

Teremos en conta medidas preventivas que redunden na saúde individual e colectiva da nosa comunidade por iso:

os docentes empregaremos a máscara e/ou pantallas de xeito continuado e recomendaremos tamén o seu uso para o alumnado fóra da aula burbulla. Explicarase ao alumnado que a aula é como o espazo do fogar e que para saír deste hai que poñer a máscara tal e como fan na súa vida cotiá ao saír á rúa.

A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.

Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:

-Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

-Hixiene de mans con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

-Valoración das entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo no que temos que mellorar.

-Seguimentos da cartelería e sentidos de circulación nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.

-Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e saída en espazos comúns.

-Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.

-Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.

-Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño cando sexa necesario.

-Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:

- Ao ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
- Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.

-Procurarase gardar a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.

-Extremarase a orde no posto de traballo do profesorado e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado, do profesorado e do persoal de limpeza asignado.. Esta dinámica será sistematizada no desenvolvemento habitual da aula. As mestras farán o mesmo e servirán de exemplo.

-O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

-Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa, gardando corentena de 24h se é o caso.

-As fiestras, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado de cada grupo estable, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Saliéntase que este é un Plan vivo, adaptable e modificable, no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden.

